



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica  
**DECANOS/DIRECTORES**  
Cruz Freire, José Manuel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar  
Lavilla Beltrán, M<sup>a</sup> Isela  
Pardo Froján, Juan E.  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Fálagan Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena

### PDI-B

Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Domínguez Blanco, Santiago  
Padilha Gómez, Iago

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoán  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

González de Prado, Begoña  
Pérez Gómez, Luis

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Couto Cancela, Daniel  
Doval Ruíz, María Isabel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
Gómez Fariñas, Beatriz  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
González López, Raquel  
González Santamaría, Pedro  
Picos Martín, Juan  
Rico Fuentes, Juan Jesús  
Ruiz Hidalgo, Carmen

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 17 de setembro de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **17 de setembro de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de xullo de 2019.

Apróbase a acta por asentimento.

### 2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa sobre as seguintes cuestións:

- Nomeamento de Elena Rivo López como Comisionada de coordinación institucional. Agradece os servizos prestados ao anterior comisionado, Fco. Javier Rodríguez Berrocal.

- Negociacións sobre a Valedora Universitaria: van por bo camiño.

- Acordo de desascripción con IESIDE: tentárase chegar a un acordo sobre este asunto. Informa sobre o anteproxecto de lei de recoñecemento da universidade privada. Estase a estudar por si fora preciso presentar alegacións.

- Pago das extras que esixe o EPIF, a pesar do recurso presentado ante o xulgado. O servizo xa fixo o estudo correspondente.

- Pago da paga extra, agás o complemento de cargo académico, que non será posible ata o 2021.

- Solución dos atrancos legais relativos ao edificio do Campus da Auga en Ourense.

- Acordo sobre titulacións, do 31 de xullo: explica a xénese do acordo e as novidades que supón para a Universidade de Vigo, agradecendo a labor do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. Dobre grao en Mercatrónica en Vigo; novo grao dual en Automoción (primeiro grao dual que se implantará en Galicia); grao en Relacións Internacionais no Campus de Ourense (compartido con Ferrol e tal vez con Lugo), que terá sinerxias con outras titulacións. Asemade fala dos resultados do acordo sobre as titulacións en perigo: Ciencias da linguaxe e estudos literarios (que se mantén mentras non haxa outra que a substitúa, o que supón un logro importante). Pensa que o acordo é satisfactorio para a Universidade de Vigo.

- Datos de matrícula de grao e máster: a pesar do descenso da natalidade, as taxas de matrícula medraron nas tres universidades do SUG. Na Universidade de Vigo en xeral rozamos o 99% de media. Expón a situación por Campus. No Campus de Ourense felicita o esforzo da Facultade de Historia e indica os problemas de certas titulacións, como Enxeñaría Agraria, aínda que o acordo do 31 de xullo salvou de momento a súa permanencia. Expón o caso de Ciencias Empresariais e Turismo. En relación co Campus de Pontevedra, fala do grao en Xestión e Administración Pública, que incrementou a súa demanda e felicita ao equipo decanal polo éxito, avanzando que a titulación evolucionará a semipresencial. Os problemas de Enxeñaría Forestal non obstan para que a titulación esté a salvo. No Campus de Vigo, se albiscan problemas en titulacións que antes non os tiñan, podendo facer campañas de captación. Conclúe coa situación dos centros adscritos.

- Peche da Universidade en agosto: cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, que expón en primeiro lugar o proceso de estudo levado a cabo para realizar o peche. Entende que, a pesar dos problemas iniciáis, o resultado foi satisfactorio de cara ao aforro enerxético. Cede a palabra a Jacobo Porteiro, director de área de Sostibilidade. Detalla como foi o seguimento dos consumos e ofrece o estudo aos equipos decanais, onde se pode apreciar a análise cuantitativa comparada entre a situación antes do peche e durante o peche. O aforro total foi de 231 Megavatios, equivalente a 122 vivendas, 58 toneladas de CO2 e 15.000 euros. O Sr. José Luis Míguez recalca que houbo escasos incidentes ao longo do peche e que as actividades de investigación non sufriron alteración algunha. Todo o profesorado que o solicitou puido acudir aos seus centros. A normalidade foi total e serviu para probar o que será o acceso xeneralizado aos centros con tarxeta, o que evita problemas de seguridade. Considera en xeral positiva a experiencia. Estima que o peche pode alongarse máis nos centros, aínda que non no caso dos Servizos Centrais e Xerencia. Felicita a toda a comunidade polo seu comportamento durante o peche.

- O Servizo de reprografía: O Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade aclara como xurdiu este problema, derivado do complexo prego de condicións da concesión. A empresa abandonou o servizo na primeira semana de agosto. Contactouse con empresas do sector para tratar de paliar este problema, que se comunicou aos centros, e agradece a colaboración prestada. Sinala as medidas que se tomarán ata que se resolva a nova licitación. Poñeranse fotocopiadoras de uso directo pola comunidade universitaria nos campus de Pontevedra e Vigo, xa que no Campus de Ourense non se da este problema. Expón os lugares de situación das máquinas e como foi o proceso de implantación das mesmas, nos días 9 e 10 de setembro. Pon exemplos gráficos das actuacións levadas a cabo. Detalla o procedemento para poder levar a cabo o fotocopiado por parte de cada persoa usuaria, PDI, alumnos e PAS. Poderá funcionar con móbil e con tarxeta universitaria. Tamén detalla as excepcións previstas cara ao gasto persoal (exames, fotocopias dos máster, fotocopias gratuitas para o alumnado ata o 1 de outubro) o cal será asumido por Servizos Centrais. Expón a situación da licitación da nova concesión en canto ao novo prego de condicións. Conclúe agradecendo a colaboración de todas e todos.

A Sra. Begoña González pregunta sobre a situación dos traballadores e traballadoras da empresa e si se terá en conta no prego de condicións e o Sr. vicerreitor o confirma. O Sr. Cruz Freire pregunta polas datas de implantación do servizo e o Sr. vicerreitor confirma que será en tres ou catro meses, dada a complexidade do prego de condicións, aínda que existe o risco de que quede deserto. O Sr. Carlos Mollinedo pregunta polo pago de fotocopias no caso do PAS e o control de gasto. O Sr. vicerreitor aclara que funcionará como ata agora en relación co PAS, que o pagará Servizos Centrais. Aclara que a partir de agora será posible controlar o gasto de cada nova máquina. O Sr. reitor insiste no agradecemento á comprensión de todos e todas e a labor realizada polo vicerreitor de Planificación e Sostibilidade. Espera suxestións ao longo das vindeiras semanas.

- Sobre a sinatura electrónica de actas, o Sr. vicerreitor de Planificación e Sostibilidade expón esta novidade, na que somos pioneiros. Os antecedentes datan da implantación da sinatura electrónica no 2009. Indica a situación da sinatura dixital por Campus (o 57,18% no curso anterior) e a detalla por Centros. Quéixase do atraso na entrega de actas, tanto en dixitais como manuais e indica o que sucede cando acaba o prazo de entrega de actas e quedan actas fóra de prazo. Co novo procedemento o coordinador confirmará que a acta é correcta, mediante o envío dun SMS ao seu teléfono, mentres que o profesorado cubrirá as actas como ata agora. Así se evita a necesidade de instalar certificados dixitais. Todos os directores de departamento terán teléfono corporativo. Finaliza expoñendo as vantaxes que

terá esta nova situación, en canto a axilización da administración, simplificación de procedementos e seguridade. Agradece a labor dos servizos informáticos en todo o proceso e o desenvolvemento da aplicación. O Sr. reitor espera que non haxa incidencias na implantación do sistema.

### **3. Aprobación, se procede, da proposta de verificación do título de Grao en Deseño e Creación.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que pasa a expoñer as liñas básicas da proposta de verificación do título. Lembra o íter temporal seguido ata chegar a aprobación da memoria. Creouse un novo centro e unha nova xunta de titulación que estivo a traballar durante a segunda quincena de xullo, aprobando a memoria o 31 de xullo, en exposición pública entre o 2 de agosto e o 6 de setembro. O 12 de setembro aprobouse por unanimidade da xunta de titulación a memoria, tras analizar as alegacións. O Sr. vicerreitor da lectura a acta de aprobación e expón a estrutura da titulación que se implantará na nova Facultade de Deseño e Creación en Pontevedra. Terá modalidade presencial e 45 prazas de ingreso. Tamén se fixo a memoria xustificativa e a económica, xa que a titulación leva custos asociados. Agradece o traballo feito pola xunta de titulación.

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, da suspensión de contrato de traballo de D. Xabier García Martínez.**

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica quen sinala que se trata dunha suspensión de contrato dun profesor axudante doutor que recentemente acadou un premio de investigación. Vaise 17 meses a unha universidade belga a facer unha estada de investigación. Ao ser máis dun ano, non está delegado. Están todos de acordo: o propio interesado, que ten dereito segundo a normativa aplicable a dita suspensión, o departamento de Matemáticas, e a COAP informou favorablemente. Deixa de recibir salario pola Universidade de Vigo, con reserva de posto. Non existía un procedemento establecido para os axudantes doutores, pero aplicouse por analoxía o existente para os contratados doutores. O profesor impartirá toda a súa docencia no primeiro cuatrimestre, o que confirma o director do Departamento, e o que o Sr. reitor agradece.

Apróbase por asentimento.

### **5. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Ordenación Académica e Profesorado (1 PDI).**

O Sr. reitor indica que se presentou a seguinte candidatura:

*D<sup>a</sup>. Elena Rivo López*

Non habendo outras candidaturas, pasa a ser proclamada directamente D<sup>a</sup>. Elena Rivo López.

### **6. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación (1 estudante).**

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non procede realizar a votación.

### **7. Elección dos representantes do C.G. no Consello Social (1 estudante).**

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non procede realizar a votación.

**8. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado (1 estudante).**

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non procede realizar a votación.

**9. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.**

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas, polo que non procede realizar a votación.

**10. Quenda de intervencións.**

O Sr. reitor da paso á quenda de intervencións.

O Sr. Carlos Mollinedo pregunta pola situación dos compromisos sobre a Disposición adicional novena en relación co PAS, particularmente de servizos informáticos, e pola situación das negociacións coa Xerencia en relación coa RPT. O Sr. reitor indica que a negociación principal da RPT comezará cando conclúan as previas, no ano que ven. Estase a traballar nos compromisos pendentes. Cede a palabra á Sra. xerenta, que explica que a Disposición adicional novena está relacionada coas negociacións da RPT e aclara que é urxente negociar a oferta de emprego público, aínda que está pendente dun informe do Ministerio. A RPT negociárase globalmente, e non de xeito parcial. Estase tamén a estudar a situación dos servizos informáticos.

A Sra. Begoña González pregunta pola situación das prazas convocadas de axudante doutor. O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado o aclara.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:20 h do día 17 de setembro de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral